

R.E. 201890000000310

17/01/2018



O Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo, ao amparo do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal, a celebrar en data de 2017, a seguinte

MOCION

A modificación da Rúa Severo Ochoa está a crear problemas de circulación, aparcamiento e mobilidade. Tanto os veciños desa rúa como as persoas que pasan a diario por ela mostran o seu malestar.

A supresión do dobre sentido de circulación, séguese sen comprender. En preguntas anteriores sobre este tema, o alcalde alega que se debe a criterios técnicos da Policía Local. Non se comprende como estes criterios non son igual de aplicables a dúas rúas situadas mais abaxo, e se permite a invasión dos catro carrís da Vázquez de Parga desde a Praza de Vigo, ou a Rúa Darwin.

De luns a venres créanse importantes atrancos sobre todo pola mañá, xa que os vehículos entran por dirección prohibida dende a Avenida do Ambulatorio, tendo que saír marcha atrás, cando se aperciben do sentido do tráfico.

Agora mesmo a rúa conta cun único carril e dous tipos de aparcamento, en liña e outro mediante "espina de pez," sendo este último un problema xa que os vehículos invaden o carril de circulación provocando ter que pasar por alí, case cos espellos retrovisores pechados, como xa demostramos en fotos que lle facilitamos ao alcalde no seu dia, percibíndose nas mesmas claramente que tanto vehículos pequenos como furgonetas invaden o carril de circulación debido a este tipo de aparcamento.

En canto ao outro aparcamento en liña na marxe dereita da rúa, existe un risco moi elevado de que suceda unha traxedia, debido a que unha vez aparcado ao baixarse do coche, sáese xusto enriba do barranco de 3 ou 4 metros de altura, do solar que linda con esta rúa. Non fai falta dicir que esta situación de risco aumenta considerablemente os días de choiva e vento forte, ou en horas de escasa visibilidade.

Esta situación impide a calquera peón poder pasear ou ir pola rúa Severo Ochoa, que carece de beirarrúas para poder chegar ata a avenida do ambulatorio. As persoas que camiñan a diario por esta rúa teñen que ir esquivando os vehículos, e os condutores ter conta de non atropelar a ninguén.

Dende o noso grupo entendemos que a seguridade debe primar sobre todas as cousas, e agora mesmo esta rúa ten varios factores que non ha garanten, e non so iso, entendemos que ca modificación da rúa auméntanse as situacións de risco.

Descoñecese tamén cal foi o motivo da supresión dos contedores. Agora os veciños teñen que tirar o lixo nuns contedores 100 metros mais abaxo, na rúa Vázquez de Parga.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo presenta para a súa aprobación polo Pleno a seguinte moción:

O Goberno Municipal atenderá a petición dos veciños de recuperar o dobre sentido de circulación da Rúa Severo Ochoa, ou no caso de que a normativa de tráfico o impida, a estudar posibles solucións as situación de alto risco como por exemplo a dotación de beira rúas para que os peóns poidan camiñar sen medo a ser atropelados ou os condutores que aparquen na marxe dereita non corran o risco de caer polo barranco do solar lindeiro. Asemade, devolverá os contedores que foron suprimidos.

Carballo, a 16 de Xaneiro de 2018

Asdo.) Aurelio Núñez Centeno

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.